

## VIAXE AO LUGO ROMANO – INFORME

IES RÍO CABE (MONFORTE DE LEMOS). MAIO DO 2022



A viaxe ao Lugo romano programouse para os alumnos de Cultura Clásica de 3º da ESO e os de Latín de 4º da ESO e de Bacharelato, tanto do diurno como do de Adultos. Anotáronse e desfrutaron da experiencia once alumnos de Cultura Clásica, unha de Latín de 4º da ESO, catro alumnas de 1º de Bacharelato e dúas do Bacharelato de Adultos. De profesores fomos Xan Rosende, xefe do Departamento de Latín e profesor da materia en 4º da ESO e 1º de Bacharelato, e Mili Muíña, que imparte Cultura Clásica en 3º da ESO e Latín e Grego en Bacharelato de Adultos. Un total de dezanove alumnos e dous profesores, grupo pequeno que nos permitiu non ter que dividirnos en dous para facer as visitas, o que simplificou a planificación, algo de agradecer dado que todas as previstas terían guía.



Collemos o autobús diante do Instituto ás 08,45 e para algo antes da hora fixada, as 10,15 h., estabamos na Sala Porta Miñá, fóra da muralla e a carón dunha das portas máis emblemáticas do grande símbolo da cidade, onde se nos explicaron aspectos relacionados coa vida cotiá do Lugo romano e se nos proxectou un

video explicativo.

A seguir emprendemos camiño cara a Casa dos Mosaicos, grande *domus* construída a carón do foro que data dos séculos I-II e. c. e que conserva algúns detalles, como restos dos mosaicos ou do sistema de calefacción, que permiten pensar que foi propiedade dunha familia de importancia. Alí tamén se nos proxectou un video ilustrativo.





Como aínda había algo de tempo,



repuxemos forzas nunha terraza da Praza de España.



Ás 11,45 h., estabamos no Centro Arqueolóxico San Roque, que acolle *in situ* os restos dunha necrópole que data dos primeiros séculos desta era, e tamén unha pía que se vinculou con deidades exipcias, ademais dun forno para cocer cerámica e outros obxectos interesantes. Completamos a información con outro video.

Como Lugo ten dimensións humanas e todo está pretiño, decidimos que antes de ir comer íamos improvisar unha visita á Domus do Mítreo, que está excavada no edificio da Vicerreitoría, na Porta de Santiago enfrente da Catedral. A Domus do Mítreo foi residencia particular dalguén de importancia no Lugo do século III e. c., e ten a particularidade de que conserva restos dun templo dedicado a Mitra, e que moi amablemente nos permitiron visitar con calma malia non ter reserva. Tamén aquí completamos toda a información nas nosas cabezas cunha proxección audiovisual.

Esperamos o autobús preto da Horta do Seminario e dirixímonos ao Centro Comercial «As Termas» para xantar e descansar antes das actividades da tarde. Ás 16,15 h. estabamos xa no Museo Provincial, onde tiñamos concertado que, dado o volume de actividades da mañá e o previsible cansancio, centraran a visita só na parte de Roma de entre todos os fondos que custodia o Museo. Así foi, o guía levounos por un ameno percorrido entre salas nas que viaxamos pola cultura castrexa e o Lugo romano, e que rematamos nunha visita á cociña do que en tempos foi o convento franciscano da cidade.

O autobús esperaríanos no mesmo lugar que á mañá. A chegada a Monforte estaba prevista para as 18,30 h. e aí si nos retrasamos uns vinte minutos, porque antes de coller o autobús en Lugo aproveitamos que pasabamos a carón para achegarnos a ver os restos do Templo que se conserva detrás do Círculo de Belas Artes.



Unha xornada ben completa pero ao mesmo tempo sosegada e tranquila: os rapaces cumpriron con escrupulosa puntualidade en todos os puntos de encontro, foron respectuosos nos museos, onde ademais se mostraron interesados, facendo preguntas e respondendo con tino ás dos guías... un luxo de alumnos! O tempo acompañounos tamén así que non puidemos pedir máis.